

## **ATENCIÓN: Acceso excepcional ao título de Médico Especialista en Medicina Familiar e Comunitaria**

### **INFORMACIÓN PROBA E.C.O.E. 2011**

Está previsto que a proba de avaliación de competencias se desenvolva durante os días 3, 4, 5, 6, 9, 10, 17 e 18 de decembro de 2011 nas cidades de Madrid, Sevilla e Barcelona.

O luns 28 de novembro, o órgano responsable de cada Comunidade Autónoma notificará a convocatoria oficial dos aspirantes do seu ámbito territorial. A partir desta data, cada aspirante recibirá por correo postal a notificación oficial de convocatoria a exame, remitida desde o órgano competente da súa Comunidade Autónoma. A Convocatoria oficial desta proba anunciarase tamén nos taboleiros de anuncios das delegacións e subdelegacións do Goberno.

Co obxecto de dar a máxima difusión posible a esta convocatoria, a partir do día 28 de novembro de 2011, a páxina [web do Ministerio de Sanidade](#) tamén ofrecerá información sobre as datas, horas e lugares de celebración da proba dos aspirantes de cada Comunidade Autónoma.

En cumprimento das previsións establecidas no Real Decreto 1753/1998, de 31 de xullo e da Resolución de 17 de decembro de 2001, da Secretaria de Estado de Educación e Universidades, nos que se establecen as características comúns desta proba, as seis competencias obxecto de avaliación son:

- a) Habilidades clínicas básicas: anamnesis e exploración clínica.
- b) Habilidades comunicativas.
- c) Habilidades técnicas: diagnósticas e terapéuticas.
- d) Xestión do plan diagnóstico, terapéutico e de seguimento.
- e) Abordaxe familiar e/ou comunitario.
- f) Actividades preventivas.

O formato desta proba, de carácter eminentemente práctico e unha duración aproximada de sete horas, está orientado á avaliación dos coñecementos, habilidades e aptitudes propios da especialidade de Medicina Familiar e Comunitaria. Dentro do circuíto de estacións ou situacións que integran a proba poden atoparse, en diferente orde de presentación:

- Entrevista con paciente simulado e estandarizado.
- Avaliación de coñecementos e habilidades mediante preguntas con resposta de elección múltiple.
- Valoración de habilidades clínicas mediante aparellos simuladores.
- Proba de razoamento clínico ("Scrip Concordance Test").

- Casos clínicos avaliados mediante preguntas con resposta curta.

Os aspirantes deberán asistir á proba provistos do documento nacional de identidade ou pasaporte, bata branca, fonendoscopio e bolígrafo azul.